

erregueté

Galicia e Portugal mostran os espectáculos que virán no V Festival Pezas dun Teatro do Porvir

A AELG Asociación de Escritores-as en Lingua Galega reúne a sección de literatura dramática na Coruña

por [Redacción](#) 25/11/2022, 14:08 Actualizado 25/11/2022, 14:14 **143.6k** Vistas



Amparo Martínez, ChamizoBelloVila e Ana Abad de Larriva. Foto: arquivo

O sábado 26 de novembro terá lugar a [VII Xornada da Sección de Literatura Dramática. Os retos das artes escénicas en tempos difíciles](#). Esta actividade, organizada pola AELG, celebrarase no Centro Ágora da Coruña.

Estas xornadas buscan tomarlle o pulso á creación escénica contemporánea e aos retos fronte a esta época, marcada pola pos-pandemia e a crise derivada, á que se suma a guerra en Ucraína. A maneira de abordar isto vai ser a través do V Festival Pezas dun teatro do Porvir que procura presentar, analizar e debater propostas escénicas que se están a ensaiar e a crear neste momento en Galicia e Portugal. Un encontro que busca impulsar e analizar pezas que están en proceso de creación e que buscan abrir e compartir ese proceso con outras persoas, cun público, e con especialistas en artes escénicas.

Ademais, a programación contempla unha masterclass sobre os retos das artes escénicas e que contará co director artístico do Centro Cultural Vilaflor de Guimarães, Rui Torrinha, responsable da dirección e programación de varios espazos fundamentais e de renome internacional.

As Xornadas da Sección de Literatura Dramática da AELG naceron con vocación de poñer en foco unha das manifestacións artísticas máis senlleiras e estratéxicas dun sistema literario e dunha cultura de seu. Esta actividade, organizada pola AELG, conta coa colaboración do [Concello da Coruña](#), Deputación Provincial da Coruña, CEDRO e a complicidade do Centro Cultural Portuguêz Camões de Vigo.

V FESTIVAL PEZAS DUN TEATRO DO PORVIR 2022

O Festival de Pezas, tenta servir como viveiro e estímulo para as creadoras e creadores que están a escribir ou a bosquejar algún tipo de peza para os palcos. Así, con esta actividade, a AELG tenta facilitar, visibilizar, abrir espazos de encontro para

compartir eses procesos de creación e para encontrar unha complicidade e un diálogo que poida potenciar esas pezas en construción. Ademais, a asociación de escritores galega quere procurar o diálogo coas inquedanzas que comparten coas dramaturgas e dramaturgos de Portugal, reforzando os lazos de irmandade coa comunidade veciña.

A quinta edición do festival acolle 7 proxectos galegos e portugueses, que serán amosados e compartidos en público. Artistas como Constance Hurlé, [Amparo Martínez](#), Ana Abad de Larriva, ChamizoBelloVila, Pablo Alvez, Rita Pinheiro, David Alonso ou [María de las Llanderas](#) concorren nesta edición a un premio que inclúe a estrea da peza nos espazos teatrais da Coruña.

O xurado que decidirá o premio, está composto por profesionais entre os que se atopan Xosé Paulo Rodríguez, director do Teatro Rosalía de Castro da Coruña, e Célia Guido Mendes, directora do Centro Cultural Português Camões de Vigo.

UNHA PROGRAMACIÓN CENTRADA NA CREACIÓN

O evento comeza ás 10.30 horas do sábado 26 coa sesión de apertura, no Centro Ágora da Coruña e contará con acceso libre e gratuíto.

- **11:00 h. Sala 8.** Primeira proposta escénica. [Miña pequena](#), de Constance Hurlé.
- **11:35 h. Sala 9.** Segunda proposta escénica. [Menú-do-dia, de ChamizoBelloVila](#).

- **12:10 h. Sala 8.** Terceira proposta escénica. *Domitila*, de Amparo Martínez Paz.
- **12:45 h. Sala 9.** Aula maxistral a cargo de Rui Torrinha. Director artístico do Centro Cultural Vilaflor de Guimarães (Portugal).
- **16:30 h. Sala 8.** Cuarta proposta escénica. *Anarquitecturas do saber*, de Pablo Alvez Artinprocess.
- **17:05 h. Sala 9.** Quinta proposta escénica. *Primavera*, de Ana Abad de Larriva.
- **17:40 h. Sala 8.** Sexta proposta escénica. *Lista das Coisas Infinitas que Nunca Farei*, de Rita Pinheiro.
- **18:15 h. Sala 9.** Sétima proposta escénica. *O que é o raio, nin maldita idea*, de Souvenir (David Alonso e María de las Llanderas).
- **18:50 h.** Deliberación, por parte do Comité de Selección do Festival, presidido por Xosé Paulo Rodríguez, Director do Teatro Rosalía Castro da Coruña e Membro da Xunta Directiva de La Red do Estado español.
- **19:25 h. Sala 9.** Comunicación da resolución do Premio do V Festival Pezas dun Teatro do Porvir, Galiza + Portugal 2022.